

66  
EVALUACI

izPR98T

B-9

# CADERNOS DE LINGUA

## VARIIDADES LINGÜÍSTICAS E COMPETENCIA COMUNICATIVA

SEPARATA

10

2.º SEMESTRE. 1994

REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



EVALUACI

10/10

## VARIEDADES LINGÜÍSTICAS E COMPETENCIA COMUNICATIVA

JOHANNES KABATEK

Universidade de Paderborn (Alemaña)

0. Abarcar en poucas liñas o tema da *variación* e da *competencia lingüística* semella unha tarefa case imposible de levar ó cabo tendo en conta a súa relación con toda a teoría da linguaxe. Por isto, o que se pretende aquí non pode ser máis ca unha pequena introducción á problemática e un intento de achegarnos a través de varios pasos ás cuestións fundamentais do campo da variación lingüística: presentaremos unha redución abstracta e, sen embargo, xustificada polos feitos mesmos. A tarefa da ciencia consiste en dicí-las cousas sen complicalas, e de abstraer onde é xustificable. Nun primeiro punto, falarase da *linguaxe* como feito xeral, despois da *lingua* como sistema de signos para a comunicación dunha comunidade histórica. O terceiro punto tratará da variación lingüística, ou sexa, os diversos sistemas de signos lingüísticos que poderí coexistir nunha comunidade. O cuarto punto é un cambio de perspectiva da descripción puramente lingüística, da descripción de sistemas como unidades abstractas, ó falante mesmo, que usa estas variantes, parte da súa competencia lingüística. O último punto xa non se concentra só na competencia lingüística dun falante, senón que dá lugar á descripción do acto comunicativo e os factores que entran en xogo neste acto, condicionado pola competencia comunicativa dos falantes.

Son cinco perspectivas diferentes para unha mesma cousa, para un mesmo fenómeno que é a comunicación por medio de signos lingüísticos, pero este esquema resulta útil porque nos permite chegar a explicacións non demasiado cabóticas dos diversos aspectos. Ademais, xustificanse poriren paralelas ó propio desenvolvemento da teoría lingüística: concentra-da, desde Georg von der Gabelentz a finais do século pasado, ou, cando menos, desde Ferdinand de Saussure, na descripción do *sistema* lingüístico, os lingüistas, polo menos os das escolas tradicionais, pasaron cada vez máis a se interesar pola variación; máis tarde, sobre todo a raíz do desenvolvemento da sociolingüística e da psicolingüística nos anos sesenta, o interese centrouse na competencia dos falantes, e ultimamente es-

tamos a dar un paso máis adiante coas descrições pragmáticas dos actos comunicativos. Nesta historia, a lingüística faise co tempo menos *lingüística* e entra en campos cada vez menos limitados. Perde o seu grau de abstracción e achégase cada vez máis á realidade concreta perdendo en claridade, pois a realidade sen abstracción é imposible de describir. Nalgúns campos da lingüística, como p.e. nalgún que outro traballo no campo da análise conversacional xa estamos case na situación absurda dos xeógrafos ingleses descritos por Borges que fan un mapa de Inglaterra a escala real: un mapa perfecto, pero xa non útil pois xa non é mapa, senón copia da realidade.

1. A repartición nos diferentes puntos corresponde, *grosso modo*, á diferenciación feita polo gran lingüista Eugenio Coseriu, entre *linguaxe*, *lingua* e *fala*; entre *linguaxe*, no nivel *universal*, do falar en xeral, *lingua*, no nivel *histórico* das comunidades lingüísticas; e *fala*, no nivel *individual* dos textos -e por textos entende tódolos textos, sexan escritos ou falados, desde unha fórmula como "bos días" ata as *Canções de Santa Maria*. Quixera engadi-lo nivel interindividual do acto comunicativo, aínda que sexa, en realidade, só un aspecto do nivel individual.

O primeiro dos tres niveis, o nivel universal, refírese ó feito universal da linguaxe como propio de tódolos seres humanos, é dicir, a capacidade ou, mellor dito, a necesidade dos seres humanos de categorizala realidade por medio de signos lingüísticos, de crea-la realidade lingüísticamente. E digo *necesidade* porque non hai persoa que non fale ou que non se comunique ou que non pense coa axuda da linguaxe. O que fai ós seres humanos é precisamente a linguaxe, e os homes adoitan falar, ou pensar falando, de forma continua. A necesidade de *significar*, de *crear* ou *recrear signos* é universal e parece mesmo formar parte da natureza do home, pero só o feito universal de falar e de significar, non a maneira como se fai<sup>2</sup>. Se pensamos na lingua dos xordomudos, debemos dicir que é tamén lingua, derivada, iso si, dunha lingua falada, pero é *sistema de signos lingüísticos* con tódalas características dunha lingua. Poderíamos falar coas mans, cos pés, e mesmo cos ollos, mais as posibilidades do noso aparato articulatorio e do noso oído son tales que o máis doado é

1 Véxase como introducción xeral á teoría coseriana o seu libro *La competencia*

*lingüística*, Madrid: Gredos 1992.

2 Esta é basicamente a idea de Chomsky cando di que a *language* pertence á natureza do ser humano. Traducir, como se soc facer, *language* por "lingua" pode levar a confusións, pois non se refire a "lingua" nin ao sentido de "langua" de Saussure nin ao sentido de "lingua" na teoría coseriana: o que é parte da natureza é a linguaxe como feito humano xeral ou, como di Saussure, a *faculté de langage*, é dicir, a capacidade de crear signos lingüísticos.

falar coa boca, solución de practicamente tódalas culturas, porque permite ademais te-la man libre para outras actividades.

O feito de falar é universal. Pero as máis de 3000 linguas no mundo son tan diferentes que é difícil determina-lo lingüísticamente universal, porque as linguas forman parte da *cultura*, das tradicións creadas polas respectivas comunidades xa non por *necesidade* da natureza senón por *liberdade*. É dicir, o falar é unha necesidade humana, pero non o *como*, o *xeito*, do falar. As linguas son diferentes por tradición histórica, transmitense a través do tempo, pola tradición oral, pola imitación de modelos e *non* por factores da natureza como p.e. factores xenéticos, de sexo, de clima ou de idade. Desde Aristóteles faise a distinción entre *cultura* e *natureza*, e xa desde entón xorde a discusión sobre un principio que hoxe en día xeralmente se imputa a Ferdinand de Saussure, o principio da chamada "arbitrariedade do signo" (*arbitraire du signe*), quere dicir, a inexistencia dunha relación necesaria entre a forma acústica e o concepto dun signo lingüístico<sup>3</sup>. En "lugar de "mesa" poderíamos dicir tamén "coiteiro", como en alemán se di "Messer" (pronunciado [meser] e quere dicir "coiteiro", pero non se fai, pois falamos ou galego ou castelán ou alemán, porque falar é sempre falar unha lingua, falando situámonos dentro da tradición dunha comunidade e aceptámo-las súas normas<sup>4</sup>. E mesmo en casos de conceptos como "hai", que na maioría das linguas por unha razón que de verdade é de natureza, se designa a través de conceptos como "mama", "ana", "hana", "mor", "num" etc., non temos tampouco necesidade, senón liberdade limitada polas posibilidades articulatorias do noso pequeno para quen soe ser unha das primeiras palabras a pronunciar. Algo semellante pasa coas interxeccións a coas palabras onomatopéicas.

2. A arbitrariedade é condición previa para a existencia das diversas linguas. Cada lingua é un sistema de signos, con elementos que teñen a súa función só con vistas ó sistema enteiro. Todo pensar é distinguir, opoñer unha cousa a outra, só no contraste podemos ve-las cousas, só co coñecemento da calor sabemos o que é o frío. Tamén os elementos lingüísticos se opoñen a outros. Igual que un concepto lingüístico só pode existir en oposición a outros, como o teito depende da casa e a casa do teito ou do chan no que está situada, todo na lingua funciona por oposicións. E para que a lingua e, polo tanto, a comunicación, funcione, os falantes teñen

3 Cf. E. Coseriu, "L'arbitraire du signe. Zur Spätgeschichte eines aristotelischen Begriffes", *Archiv für das Studium neuerer Sprachen und Literaturen* 204 (1968), pp. 81-112.

4 Cf. E. Coseriu, *Synchronia, diacronia e historia*, 3ª ed. Madrid: Gredos 1978, p. 70.

que cumprir cunhas condicións básicas para seren comprendidos: cada discurso, cada texto, debe corresponder ás regras dun *sistema*, que p.e. no caso dunha lingua codificada coñecemos -polo menos en parte- a través da *gramática*, as regras dunha lingua. Sabemos p.e. que en galego temos que distinguir-lo e aberto do e pechado, temos que face-la diferencia entre o adverbio "ben", ou a terceira persoa do verbo "vir" por unha banda e maila terceira forma de plural do verbo "ver", "ven" ou o imperativo de "vir", "ver". Se non facémo-la distinción, hai malentendidos. Cando dicimos:

"Ten que apoiarse na vara"

é outra cousa que cando dicimos

"Ten que apoiarse na barra";

cambia o significado e cambia o contexto que nos imaxinamos, porque hai dentro da estrutura das linguas unhas ideas do que significan os elementos, e cada elemento debe quedar dentro duns límites para cumprir coa súa función. E cada lingua ten estrutura de seu, cada estrutura é diferente.

3. Alén do sistema, hai distintas posibilidades -incontadas posibilidades- de realizalo. Cando dez persoas -ou mesmo mil- pronuncian a mesma palabra, cada un faino coas súas propias características de voz, de tonalidade, de entonación, de duración de sons etc. Pero as mil persoas que pronuncian p.e. a palabra "casa" teñen todas que facelo dentro dun límite que permita a comprensión pola comunidade -cousa simple e lóxica, pensamos, pero hai detrás unha capacidade de abstracción enorme, non lograda na súa totalidade por ningunha máquina, por máis sofisticada que sexa a técnica dos nosos días.

Pero nunha comunidade nunca se realiza todo o sistema, senón só unha parte das múltiples posibilidades. O conxunto das realizacións feitas é o que Coseriu chama a *norma* dunha lingua, non no sentido de norma *normativa* senón de norma *descriptiva*, de tradicións das realizacións concretas do sistema. No portugués, p.e., temos no caso do *rr* dobre a condición de que se pronuncie de forma distinta a tódolos outros elementos do sistema, débese distinguir p.e. a palabra "carro" de "carro". Pero na norma do portugués, temos dúas posibles realizacións deste fonema: en vez de [Karu], con vibrante labial múltiple, dise cada vez máis [Kaku], cun *erre* que coñecemos tamén do alemán ou do francés. Temos, pois, dúas normas para a realización do mesmo sistema. Ou un exemplo morfolóxico: en galego hai varias posibilidades de formación de palabras femininas sobre a base de modelos masculinos que terminan en -or, como de "actor", "actriz" ou "actora", de "autor", "autora", ou de "cantor", "cantora". Sobre

bre o modelo de "actor", "actriz" poderíanse formar as palabras "autriz" ou "cantriz", posibles polo sistema galego pero inexistentes na súa norma. Só no caso de "actora" ou "actriz", as dúas formas teñen aceptación na norma con diferenza semántica. Os falantes podemos escoller libremente entre as posibilidades dadas polo sistema, pero poucas veces o facemos e case sempre falamos coa base de modelos lingüísticos xa realizados, actualizando o xa dito anteriormente.

4. A fala, que xa non corresponde a ningún grao de abstracción xa que se refire ó acto individual e concreto de falar, case sempre é *repetición* e poucas veces creación<sup>5</sup>. Nun diálogo de tódolos días como

- "Ola, ¿como estás? ¿Vas á conferencia desta mañá?"

- "Non sei, supoño que non porque o tema é moi pesado..."

e mesmo en diálogos máis complicados, non creamos nada novo; só repetimos algo xa mil veces dito. O único acto creativo está na escolla desta e non doutras frases entre as que temos no noso almacén da memoria. Poucas veces creamos elementos novos, e se fálaramos só realizando de forma nova o sistema resultaría moi estraña a nosa fala<sup>6</sup>.

A razón pola que os falantes non crean máis e se manteñen xeralmente dentro das tradicións témola que buscar non só na economía do falar, do feito que é sempre máis cómodo repetir do que crear. A principal razón é que falar sempre significa identificarse cun grupo social, cun grupo de falantes, e por iso os falantes queremos quedarnos dentro das normas dun grupo para identificarnos ou para sermos identificados. Pero sobre iso volveremos aínda máis adiante.

Cada sistema lingüístico ten entón as súas normas, as súas tradicións das respectivas falas. Pero dentro dunha lingua histórica atopamos sempre máis dun sistema: é un *sistema de sistemas funcionais*<sup>7</sup>. Cando dicimos *lingua francesa*, *lingua portuguesa* ou *lingua galega*, non falamos -a non ser que falemos do estándar unitario- dun só sistema, pois cada lingua é un conxunto de diversos sistemas lingüísticos coas súas respectivas normas: en cada lingua hai variación. Sausure dicía que a variedade pouco lle importaba ó falante, que o falante estaba diante dun estado de lingua, *devant un état*. Para Sausure, o falante vía o estado sincrónico da lingua, e a lingua era unha sucesión continua de tales estados que

5 Hai que sinalar que tamén a repetición de algo anteriormente creado é creación ou, para citar outra vez a Borges, a creación dun Quijote por Pierre Menard é tamén creación, aínda que sexa idéntico ó seu modelo.

6 Ou sería poesía. Segun Coseriu, a creación poética dáse precisamente na ruptura coas normas dunha lingua.

7 Ou, co termo de Uriel Weinreich, un *diassistema*. Cf. o seu artigo "Is a Structural Dialectology Possible?" in: *Word* 10 (1954), pp. 388-400, p. 390.

podía describirse tamén na perspectiva diacrónica, a través do tempo, comparando os diversos estados, consecuencias do cambio lingüístico. Nun artigo sobre os estados de lingua, o noruego Leiv Flydal ampliou nos anos 1950 a distinción saussureana entre *sincronía* e *diacronía* a máis categorías: fóra das diferencias a través do tempo, Flydal distingue entre diversos tipos de variación na sincronía, variantes que pertencen á lingua histórica. Hai variación *diatópica*, ou de lugar, e variación *diastática*, entre os diversos grupos sociais<sup>8</sup>. Máis tarde, Eugenio Coseriu ampliou outra vez estas categorías axuntando a variación *diafásica*, ou de estilo. O conxunto destas variacións, o sistema de sistemas e normas é o que Coseriu chama a *arquiteutura* dunha lingua: a estrutura das estruturas, o edificio no que se sustenta a lingua histórica, un edificio *tridimensional* no tempo<sup>9</sup>. En cada lugar deste edificio pódense abstraer estruturas sintáticas, sintráticas e sinfásicas que podemos describir.

Cada sistema funcional é lingüisticamente válido, porque funciona. Non hai, desde o punto de vista estrutural, xerarquía lingüística, non hai sistemas inferiores ou superiores, linguas ou dialectos que funcionen mellor ou peor. Pero nunha sociedade os diferentes sistemas úsanse en ámbitos diferentes. Foron, entre outros, os lingüistas da chamada escola de Praga, sobre todo Bohuslav Havránek e Josef Vachek, os que introducirón o termo de *función dentro da sociedade*. A esta diferenza funcional correspóndelle tamén a noción de *lingua común*, unha especie de lingua-correspondelle tamén a noción de *lingua común*, unha especie de lingua-cultivos membros da comunidade, a comunicación interrexional da vida cultural, política e económica. A lingua común pode nacer pola necesidade de intercomprensión nunha comunidade dialectalmente moi diferenciada, como p.e. en Italia ou na Grecia antiga. Pero tamén en comunidades menos diferenciadas nacen linguas comúns: son consecuencia dun principio básico do falar, da *alteridade*: falar é sempre falar con outros e querer ser comprendido e, ademais, identificado como membro do mesmo grupo. Normalmente é o prestixio ou, se se quere, a presión dunha certa variedade sobre as outras o que resulta decisivo para a elección dunha ou doutra variedade, como p.e. a lingua da corte no caso do francés, do portugués ou do español; ou a lingua dunha rexión culturalmente moi desenvolvida, como no caso da Toscana italiana. Dentro da lingua común pode haber certa variación, e haina xeralmente por unha vontade dos falantes de se identificar coa comunidade en xeral, dunha banda, e

cunha parte reducida desa comunidade pola outra, por esa dobre identidade de que pode crear subestándares rexionais como p.e. no caso de andaluzes que, consciente ou inconscientemente, conservan trazos do andaluz mesmo cando falan a lingua común. Por enriba da lingua común pode haber unha norma normativa e unitaria que é o estándar dunha lingua, un patrón ideal, sistema exemplar e base de realizacións en certos ámbitos, importante para a unidade dunha comunidade e necesaria para a comunicación sobre todo a nivel de escrita e para ter criterios claros no ensino.

Pero volvemos de novo a Flydal e á variación das linguas: o novo en Flydal non é o descubrimento da variación lingüística, que sempre se coñeceu. Mesmo a diferenza entre os diversos tipos de variación é vella: xa no século XVI, o granático portugués Fernão de Oliveira distinguía baixo a fórmula de *Cada hum fala como quem* é entre variación no espacio, entre os diversos grupos sociais e entre diversos estilos. O novo en Flydal é sobre todo o cambio de perspectiva da lingua ó falante, da pura descripción lingüística á descripción da competencia dos falantes. Di Flydal que non hai só diversos tipos de variación falados por diversos grupos: os varios tipos de variación conflúen tamén nun mesmo falante. Cada falante, na súa competencia lingüística, coñece non só un sistema, ten á parte da súa competencia funcional dun sistema -a *competence* de Chomsky ou a *langue* de Saussure- competencia diacrónica, diatópica, diastática e diafásica. Cando p.e. dicimos dunha palabra "esta palabra a empregan aínda os vellos, pero normalmente xa non se di", facemos uso da nosa competencia diacrónica. Cando un falante de Lugo di que "iso do "seseo" e da "gheada" faise na costa, en Muros e por alí", mostra a súa competencia diatópica, é dicir, que é capaz de recoñecer un elemento lingüístico como pertencente a outro sistema dialectal. Se un médico de Santiago a mediados do século XIX di que escribe un galego con base "en el dialecto que se usa en los pueblos cultos mas no en el de los campesinos", fai unha distinción diastática, e cando nestes cursos se intenta falar nun estilo máis ou menos solemne, digno dun discurso académico, faise co intento de facer uso dunha certa competencia diafásica<sup>10</sup>. O coñecemento *activo* de distintas variedades pode ser mínimo -como nos individuos viciados das investigacións da dialectoloxía tradicional, que no caso ideal só dominan unha soa variedade- ou pode ser máis amplo, como en sociedades xeralmente plurilingües como p.e. a galega. De tódolos xeitos, non hai individuo que non coñeza polo menos algunhas variedades pasivamente. No gráfico seguinte, vemos nos dous esquemas como podemos imaxinalas diferentes variedades que pertencen a unha lingua histórica e que podemos describir como sistemas illados: sería p.e. o sistema do ga-

8 Cf. Leiv Flydal, "Remarques sur certains rapports entre le style et l'état de la langue", *Norsk Tidsskrift for Sprogvidenskap* 16 (1951), pp. 240-257.

9 Para a terminoloxía empregada véxase Eugenio Coseriu, "Los conceptos de 'dialecto', 'nivel' y 'estilo de lengua' y el sentido propio de la dialectología", *Lingüística Española Actual* III/1 (1981), pp. 1-32.

10 Cf. Johannes Kabatek, "O príncipe Louis Lucien Bonaparte: precursor da lingüística galega", *Cadernos de Lingua* 6 (1992), pp. 5-26, p. 11.

lego común, os diversos dialectos, sociolectos e estilos do galego como unidades discretas. No segundo esquema vémo-la competencia dun falante, concentrada, xeralmente, nun sistema pero con coñecemento -polo menos en parte- de varios. Serían imaxinables falantes que dominen cinco, dez ou máis variedades, e pode haber comunidades onde o dominio de diferentes variedades sexa xeral.




Gráfico 1  
Linguas funcionais (unidades discretas) e competencia dun falante (en: Coseriu 1992: 176).

5. A principios dos anos setenta, o sociolingüista Dell Hymes mostrou que xa desde nenos os falantes -á parte da competencia lingüística- adquiren o que el chamou a competencia comunicativa, é dicir, unhas regras de uso das diferentes variedades. Á parte de aprender a falar, os nenos aprenden a falar *con quen, cando, onde e de que maneira*. Analogamente ó saber lingüístico, que é un saber situacional e analóxico porque podemos designa-los obxectos nunca vistos con palabras aprendidas noutras situacións análogas (p.e. chamámoslle "árbore" a un obxecto nunca visto porque identificamos características doutras árbores coas que aprendémo-la palabra) a competencia comunicativa indícanos cal é a variedade que temos que elixir en cada situación, analogamente a outras situacións anteriores.

Aínda así, é doado de mais reduci-la competencia comunicativa a un mero saber situacional. Hai dous factores que inflúen máis alá da lembianza e comparación con situacións anteriores: o primeiro, é o saber metalingüístico, e o segundo a dinámica da comunicación en canto proceso.

O saber metalingüístico é o que os falantes saben acerca da lingua, o que adquiren cando fálan sobre a lingua ou cando fan as súas reflexións acerca dela. Derívase dunha parte importante do saber adquirido nas situacións concretas do falar. E este saber á base da experiencia directa tamén se comunica dentro da comunidade por medio de discursos meta-

lingüísticos; un saber que se traduce p.e. en frases como "non se deben dicir palabrotas diante da avoa", ou "a mi es que el gallego no me gusta porque suena tan bruto" etc. Son valoracións das diversas variedades lingüísticas feitas polos propios falantes. Estas valoracións poden ser xuízos, con base na experiencia obxectiva e corrixibles cando, a experiencia o esixe, ou prexuízos, resistentes á corrección pola experiencia. O importante é que o resultado tanto de xuízos como de prexuízos é o mesmo: unha postura determinada fronte a unha certa lingua ou variedade<sup>11</sup>.

O segundo factor que determina a selección é o proceso de comunicación mesmo. O saber situacional tradúcese por medio de signos extralingüísticos, factores como o lugar e a hora do acto comunicativo; o sexo, o rango, a roupa etc. do interlocutor. Pero no proceso de comunicación xa se determinan lingüisticamente. O proceso de comunicación é un proceso dialéctico que consiste -á parte do contido da mensaxe- na procura dunha síntese entre os falantes. Comeza sempre cunha *proposta* por un dos interlocutores á que segue unha *resposta* doutro que pode ou estar de acordo ou mostra-lo seu desacordo coa proposta. Ó desacordo pode seguir outro desacordo e así ata que se consiga unha síntese; que por calquera factor pode estar exposta a discusión outra vez. Explicáreme cun exemplo dunha comunidade bilingüe, pois é máis fácil de demostrar, pero en principio estes procesos tamén se desenvolven dentro de comunidades non explicitamente bilingües.

Imaxinemos unha situación de todolos días: entra un cliente nun bar en Galicia, e o camarero fai unha proposta cando di:

"Buenos días. ¿Que desea usted?"

Fai a proposta de falar nunha variedade ou lingua determinada, neste caso o castelán. Se non é monolingüe, fala en castelán por unha selección entre as variedades ou linguas que domina. Pode que fale castelán porque o fai sempre no seu traballo, pode ser porque sabe que é verán e a maioría da xente descoñecida que entra no seu bar son turistas non galegos, pode ser que o faga pola roupa ou a aparencia do cliente e pode ser tamén que simplemente fale castelán con tódalas persoas que non coñeza porque sabe que en caso de dúbida é a lingua que todos entenderán. Se agora o cliente responde:

"Póñame un café con leite, por favor."

Pode tamén ser por varias razóns: para sinalar ó camarero que é tamén galego, que pertence á mesma comunidade e que el non é un dos

<sup>11</sup> Para o concepto de xuízo e prexuízo véxase Gordon W. Allport, *The Nature of Prejudice*, Cambridge - Boston: Addison-Wesley, 1954.

tantísimos turistas: para crear unha intimidade ou un grupo. Nós fronte á masa indefinida, pode ser por unha postura xeral do falante, por unha convicción política que fai que insista falando galego, ou porque se sente máis seguro no galego ou -moitas veces- simplemente é o que fala senpre. Se despois o camarero responde:

“¿Quere algo máis?”

Pode ser que non queira falar galego, porque non o sabe, porque lle parece demasiado íntimo como para falalo cun descoñecido, porque non se deu conta da resposta ou porque simplemente prefire unha conversa asimétrica<sup>12</sup>. En todo caso, o camarero *insiste* en que a lingua da conversa -polo menos pola súa parte- sexa o castelán. Ou di

“¿Quere algo máis?”

E sinala así o seu acordo coa síntese de falar galego. Pode haber máis propostas ó longo da conversa, e pode pasar que nunca se chegue a unha síntese<sup>13</sup>.

É un exemplo sinxelo para ver como a relación entre saber meta-lingüístico e proceso de comunicación determinan a selección dunha das variedades existentes na competencia lingüística dos falantes<sup>14</sup>.

Agora ben, poderíase dicir que este tipo de procesos son a grande excepción no conxunto dos procesos comunicativos. Certo, xeralmente xa sabemos de antemán como falar cunha persoa, xa coñecemos-la cor adecuada da conversa. Pero o dinamismo comunicativo é precisamente interesante porque é nos casos de dúbida onde se determina a evolución dunha lingua, é precisamente alí onde se manifesta o *conflicto lingüístico*.

Un factor do que hai que falar neste contexto é o de *poder* na comunicación. O proceso de elección dunha variedade só nun caso ideal é un proceso neutro determinado só pola competencia lingüística dos inter-

12 Cada conversa é -ata certo punto- asimétrica. Hai posibilidade de establecer asimetrías voluntarias, como p.e. en familias onde o pai fala unha lingua e a nai outra para que os nenos aprendan as dúas. Son difíciles de manter estas situacións e precisan dunha forza especial (como aquí a finalidade de educa-lo neno en dúas linguas). Hai propostas cara ó mantemento de discursos asimétricos a nivel de comunidades enteras, como as propostas por un bilingüismo de masas. Pero ás utopías só convencen cando corresponden a tendencias reais. Na realidade, a alteridade do falar lévanos a busca-lo común cando é posible, e en vez de bilingüismo de masas xeralmente o que se crea é diglosia con diferenciación funcional das variedades.

13 O non chegar a un acordo é, dalgún xeito, tamén un acordo. Véxase a nota anterior.

14 Hai que sinalar, claro está, que a selección non consiste só na busca das variedades senón tamén na busca de formas adecuadas para os respectivos textos, e as formas poden te-la súa orixe en distintas linguas funcionais: os falantes teñen a posibilidade de introducir -voluntaria ou involuntariamente- elementos de distintas linguas funcionais nun texto a través de procesos de interferencia.

locutores e coa única finalidade de atopar-la variedade que mellor faga posible a comunicación. Na práctica, case sempre inflúe a relación de *poder* que hai entre os interlocutores, xeralmente non simétrica. Quere dicir que en moitos casos un dos falantes pode *impor* ó outro a forma de falar sen que haxa ningunha “discusión”: o *poder* do falante condiciónase primeiro polo poder do individuo, o seu rango social, pero a nivel dun colectivo, a nivel da comunidade é o prestixio ou rango do grupo enteiro que o determina<sup>15</sup>. Chamaremos *gravitación lingüística* á relación de forzas de poder entre dous individuos ou na sociedade en xeral. O poder dentro da sociedade é, ó principio, unha suma dos poderes individuais, pero pode chegar a ser aínda máis porque a sociedade pode crear *institucións* que defendan o seu poder, como estados que representan unha lingua determinada, academias, escolas etc. Igual que calquera relación de poder na sociedade, a gravitación lingüística está sempre a cambiar. Hai na formación das linguas comúns da que se falaba antes, xeralmente unha constelación especial de gravitación que fai que unha certa variedade predomine sobre as outras. Desde o lingüista austríaco Hugo Schuchardt a finais do XIX fálase das dúas forzas principais na evolución das linguas, unha forza centrífuga, cara á diversidade, e outra, centrípeta, cara á converxencia, e estas forzas non son outra cousa ca dúas perspectivas da gravitación lingüística, porque unha forza desintegradora desde o punto de vista dunha lingua é forza integradora desde o punto de vista doutra.

6. Habería que precisar moito, xa que o dito só traza unhas liñas dun esbozo enriba do cal habería que pinta-lo cadro enteiro. Só unhas palabras sobre un factor importante dentro da competencia lingüística dos falantes: é o que poderíamos chamar *incompetencia lingüística* ou o descoñecemento por parte dos falantes da realidade lingüística. Os falantes, en xeral, non son lingüistas, pero cando falan, actúan tamén como tales: cando fan comentarios sobre a lingua, cando elixen unha variedade e non outra, ou mesmo unha forma e non outra. Os propios falantes son planificadores lingüísticos, e a súa forza é xeralmente superior á das institucións de planificación. Pode ser incompetencia dun falante que pense que unha variedade é máis vulgar ou menos prestixiosa, e que evite unha e prefira outra. E dentro dos sistemas, ás veces os falantes atribúen unha forma determinada a un sistema por equivocación. Así, p.e. moitos falantes, sobre todo os neofalantes no ámbito do “galego oficial”, evitan certas formas porque pensan que son castelanismos e prefíren outras porque lles pare-

15 A relación entre poder individual e poder colectivo pódese comparar co poder económico individual dunha persoa con moitos cartos e o poder colectivo dunha moeda forte nos mercados internacionais.

cen máis galegas; ou pensan que certas formas son vulgares ou prestixiosas sen coñeceren as normas tradicionais da comunidade. Poderíamos dicir que se equivocan. Pero falar de “equivocación” xa é tomar unha postura normativista. Para a evolución dunha lingua é igual se os falantes falan “ben” ou “mal”, se -desde a perspectiva de coñecementos máis amplos- se “equivocan” ou non: falan como falan, e falando trazan o camiño da lingua. Aínda así, os lingüistas, os profesores, os profesionais da lingua poden sinala-las tendencias que lles parecen froito de equivocacións e incluso *deben* facelo. E se o fan con bos argumentos, algún éxito terán.